## CUNTIS

### A N U N C I O

O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 20 de xullo de 2012 acordou modificar o anexo de subvencións nominativas do Orzamento municipal prorrogado para 2012.

Exponse ao público na Secretaría Xeral deste Concello, por un período de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e durante o cal as persoas interesadas poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo se no dito prazo non se presentara reclamación ou suxestión ningunha.

Cuntis, 23 de xullo de 2012.—O Alcalde, Antonio Pena Abal. **2012007397**

* * *

## A ESTRADA

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON, COMO ALCALDE EN FUNCIONS DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA (PONTEVEDRA) (D695/2012).

### *CORRECCIÓN DE ERROS*

Apreciando un erro nos datos do anuncio publicado no BOP numero 125 de data 29 de xuño de 2012, correpondente a aprobación de bases para a concesión de subvencións a Agrupacións e Clubs Deportivos sen ánimo de lucro e Deportista sen ánimo de lucro e Deportistas federados do Concello da Estrada para tempada 2011/2012.

Corrixese no apartado onde dí .....” 2) DOTACIÓN ORZAMENTARIA, que se dispón para o outorgamento das subencións a conceder sera de 102.000 € dos que un máximo de 4.000 € se destinará as solicitudes formuladas por deportistas federados/as, con cargo a partida orzamentarias 340.489.00...”

debe dicir.. “DOTACIÓN ORZAMENTARIA, que se dispón para o outorgamento das subencións a conceder sera de 83.000 € dos que un máximo de 3.000 € se destinará as solicitudes formuladas por deportistas federados/as, con cargo a partida orzamentarias 340.489.00...”.

A Estrada 31 de agosto de 2012.—O Alcalde en funcións, ilexible. **2012007479**

* * *

## O GROVE

### RECADACIÓN DE MULTAS

### E D I C T O

*ACTO QUE SE NOTIFICA: Incoación de expedientes sancionadores.*

De conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, notifícase incoación dos expedientes sancionadores que a continuación se relacionan, por denuncias formuladas en materia de tráfico polos axentes da autoridade, ás persoas ou entidades que se indican, ao non ser posible realizar a notificación, logo de intentala no enderezo que figura no rexistro de vehículos ou no de condutores e infractores, feito do que se ten constancia no expediente.

BUA DOMINGUEZ JUAN JOSE e 18 mais

*LUGAR E FORMA DE PAGAMENTO.*

A sanción poderá facerse efectiva cunha reducción do 50 por cento sobre a contía correspondente consignada no boletín de denuncia polo axente ou, no seu defecto, na notificación posterior de devandita denuncia, sempre que devandito pagamento se efectúe dentro dos 15 días naturais seguintes a aquel no que teña lugar a citada notificación, por un dos seguintes medios:

a.- Mediante ingreso na conta 2080-5037-18-3110014686 de Novagalicia Banco, indicando nº de expediente, nome e matrícula.

b.- Mediante xiro postal, facendo constar número de expediente, nome, enderezo e matrícula.

O pagamento con reducción implica: (artigo 80 LSV)

A terminación do procedemento o día do pago sen necesidade de ditar resolución expresa.

A renuncia a formular alegacións e recurso de reposición. No caso de que se formulen entenderánse por non presentadas

A detracción de puntos ao día seguinte.

*RECURSOS E PERSOAS RESPONABLES*

"1). No caso de non ser vostede o condutor, ten o deber de identificalo verazmente no prazo de 15 días naturais seguintes á recepción da presente notificación, indicando o nome completo, número de identificación persoal e o enderezo a efectos de notificacións. Os datos aportados deben incluir sempre o número de permiso ou licenza de condución que permita a identificación no rexistro de condutores e infractores. Se o condutor non figurase en devandito rexistro, o titular deberá facilitar a esta Administración copia da autorización administrativa que lle habilite a conducir en España.

A obriga de identificar concrétase da seguinte forma:

1. PERSOAS XURIDICAS: Exceptuando nos casos de infraccións por estacionamento, deberán identificar ao condutor nos termos anteditos."

2. PERSOAS FISICAS: Enténdese que e vostede o condutor do vehículo se non facilita os datos do mesmo nos termos indicados.

Incumplir a obriga de identificar ao condutor no tramite procedimental oportuno sen causa xustificada, dará orixe a unha infracción moi grave sancionada pecuniariamente co dobre da contía prevista para a infracción orixinaria que a motivou, se a infracción e leve, e o triple, se a infracción e grave ou moi grave. (artigos 9 bis, 67 e 69 da LSV)

"2). No caso de desconformidade coa denuncia, ao abeiro do artigo 81 da LSV, o denunciado poderá formular escrito de alegacións perante o Instrutor do procedemento, no prazo de 15 días naturais contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación, indicando sempre o número de boletín e a matricula, así como os datos completos da persoa que formula as alegacións (nome, DNI e enderezo).

Devandito escrito deberá presentarse ou remitirse ao Rexistro Xeral do Concello de O Grove, sito na Praza do Corgo 1, O Grove 36980, Pontevedra."

Só poderá interpor alegacións ou os recursos procedentes o condutor responsable da infracción.

*PERDA DE PUNTOS NOS PERMISOS E LICENZAS DE CONDUCIÓN*

Cando un condutor sexa sancionado en firme en vía administrativa pola comisión dalgunha das infraccións graves ou moi graves relacionadas na LSV, os puntos que corresponda descontar do crédito que teña no seu permiso ou licenza de condución quedarán descontados de forma automática e simultánea no momento no que se proceda á anotación da citada sanción no Rexistro de condutores e infractores, quedando constancia en devandito Rexistro do crédito total de puntos de que dispoña o titular da autorización

Para consultar o seu saldo de puntos pode facelo en *www.dgt.es*

*IMPORTANTE: EXECUCIÓN DA SANCIÓN.*

"Se non formula alegacións nin abona o importe da multa no prazo de 15 días naturais, a denuncia correctamente notificada surte efecto de acto resolutorio do procedemento. Isto supón que, agás nas excepcións recollidas no artigo 81.5 da LSV, non se ditará resolución sancionadora e se procederá á execución da sanción aos 30 días naturais dende a notificación da denuncia, quedando entón aberta a vía contencioso-administrativa.

Vencido o prazo de 15 días naturais seguintes á data da firmeza da sanción sen satisfacer a multa, o seu cobro se levará a cabo polo procedimento de constrinximento (artigo 90 da LSV)."

*Relación de suxeitos a que se refire este Edicto:*

*"ART = Artigo; RGC = Regulamento Xeral de Circulación; LSV = Lei de Seguridade Viaria (RDL 339/1990 modificado pola Lei 18/2009); PTOS = Puntos"*

| DENUNCIADO/A | NIF/CIF | Nº EXP | DATA | PTOS | MATRICULA | ART. | NORMA | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BUA DOMINGUEZ JUAN JOSE | 35421189Q | 1200182 | 16/03/2012 | 0 | 3264 FVZ | 91 | R.G.C. PARADAS Y ESTACIONAMIENTOS - MODO Y FORMA | 200.00 |
| CASTRO OTERO CONCEPCION | 76857999A | 1200206 | 21/02/2012 | 0 | PO-7833-BM | 94 | R.G.C. PARADAS Y ESTAC. - LUGARES PROHIBIDOS | 200.00 |
| DIAZ IGLESIAS DIANDRA | 71662305D | 1200162 | 26/02/2012 | 2 | 5833 HBN | 50 | R.G.C. LÍMITES VELOCIDAD EN VÍA URBANA Y POBLADO | 300.00 |
| EXCLUSIVAS COTOGRANDE SL | B36812972 | 1200144 | 24/02/2012 | 2 | 1485 DGZ | 50 | R.G.C. LÍMITES VELOCIDAD EN VÍA URBANA Y POBLADO | 300.00 |
| FERNANDEZ OUBIÑA RAMON | 35416885J | 1200197 | 31/01/2012 | 3 | PO-4864-BS | 117 | R.G.C. CINTURONES DE SEGURIDAD Y OTROS SISTEMAS .. | 200.00 |
| GRACIA ITIX SL | B85532299 | 1200201 | 09/04/2012 | 0 | 7546 GMM | 94 | R.G.C. PARADAS Y ESTAC. - LUGARES PROHIBIDOS | 200.00 |
| GRACIA ITIX SL | B85532299 | 1200198 | 04/04/2012 | 0 | 7546 GMM | 94 | R.G.C. PARADAS Y ESTAC. - LUGARES PROHIBIDOS | 200.00 |
| IRAGO GARCIA MARIA JOSE | 35477110R | 1200230 | 12/04/2012 | 0 | 9084 GDL | 50 | R.G.C. LÍMITES VELOCIDAD EN VÍA URBANA Y POBLADO | 100.00 |
| LIBER RENT CARS SERVICE SL | B7011428 | 1200232 | 12/04/2012 | 2 | 8014 GJJ | 50 | R.G.C. LÍMITES VELOCIDAD EN VÍA URBANA Y POBLADO | 300.00 |
| MARISCOS Y PESCADOS MANUS SL | B36550457 | 1200174 | 29/02/2012 | 6 | 7372 GHN | 50 | R.G.C. LÍMITES VELOCIDAD EN VÍA URBANA Y POBLADO | 500.00 |
| MEIS LOIS JOSE | 35371104W | 1200200 | 08/04/2012 | 0 | 7011 CVB | 91 | R.G.C. PARADAS Y ESTACIONAMIENTOS - MODO Y FORMA | 200.00 |
| MEXIGAL SL | B15580442 | 1200176 | 29/02/2012 | 0 | 7111 BFZ | 50 | R.G.C. LÍMITES VELOCIDAD EN VÍA URBANA Y POBLADO | 100.00 |
| MOSQUERA MARTINEZ JOSE | 45860345R | 1200042 | 21/01/2012 | 2 | 5025 FLJ | 50 | R.G.C. LÍMITES VELOCIDAD EN VÍA URBANA Y POBLADO | 300.00 |
| OBRAS FRIO Y MAQUINARIA SL | B36311744 | 1200183 | 16/03/2012 | 0 | 7834 DHB | 91 | R.G.C. PARADAS Y ESTACIONAMIENTOS - MODO Y FORMA | 200.00 |
| OROZCO LOPEZ SILVIA | 77410843L | 1200150 | 25/02/2012 | 2 | 3999 HBW | 50 | R.G.C. LÍMITES VELOCIDAD EN VÍA URBANA Y POBLADO | 300.00 |
| PEDRO FERNANDEZ GARRIDO SL | B36228195 | 1200177 | 29/02/2012 | 0 | 8699 CHZ | 50 | R.G.C. LÍMITES VELOCIDAD EN VÍA URBANA Y POBLADO | 100.00 |
| PIÑEIRO OGANDO TERESA | 35257769B | 1200271 | 17/04/2012 | 0 | PO-8983-BL | 50 | R.G.C. LÍMITES VELOCIDAD EN VÍA URBANA Y POBLADO | 100.00 |
| REY MANEIRO SUSANA | 76864095G | 1200133 | 27/02/2012 | 0 | 0727 BZZ | 94 | R.G.C. PARADAS Y ESTAC. - LUGARES PROHIBIDOS | 90.00 |
| VALCARCEL GIL ALFONSO | 72689286V | 1200181 | 16/03/2012 | 0 | 2066 DVV | 94 | R.G.C. PARADAS Y ESTAC. - LUGARES PROHIBIDOS | 200.00 |

O Grove , a 28 de maio de 2012.—O Concelleiro de Tráfico e Seguranza Cidadá, ilexible. **2012007066**

* * *

## LALÍN

*ANUNCIO DE INFORMACIÓN PUBLICA*

Presentado neste concello por D. José Antonio Pérez Vila en representación de SAT Casagrande, Exp. nº 6834/12, solicitude de licenza para ampliación de explotación de gando vacún con almacén no lugar de Montrigo, Cangas, deste municipio de Lalín.

De conformidade co disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública o expediente referenciado, durante un prazo de vinte días a contar dende ó día seguinte ó da publicación deste edicto, para ós efectos de que se poida examinar o expediente no Departamento de Urbanismo deste Concello e se formulen polos interesados as alegacións que se estimen convenientes.

Lalín, 10 de xullo del 2012.—O Alcalde, Xosé Crespo Iglesias. **2012007123**

* * *